



FACULTADE DE FILOLOXÍA

# **TFG**

## **Grao en Lingua e Literatura Españolas**

Comisión de Títulos de Grao

**GUÍA DOCENTE E MATERIAL DIDÁCTICO**

**2019/2020**

FACULTADE DE FILOLOXÍA

AUTORES: Comisión de Títulos de Grao da Facultade de Filoloxía  
Edición electrónica 2019

ADVERTENCIA LEGAL: Reservados todos os dereitos. Queda prohibida a duplicación total ou parcial desta obra, en calquera forma ou por calquera medio (electrónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen consentimento expreso por escrito dos autores.

## **Obxectivos da materia**

Segundo se establece no artigo 12 do Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, e posteriores modificacións, as ensinanzas de Grao concluirán coa elaboración e defensa dun TFG, que deberá realizarse na fase final dos estudos e estará orientado á avaliación das competencias asociadas ao título. Tales competencias están recollidas nas memorias de verificación correspondentes.

*O Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos Fin de Grao e Fin de Máster na Universidade de Santiago de Compostela* (en diante, Regulamento da USC), aprobado polo Consello de Goberno de 10 de marzo de 2016, indica que o TFG consistirá na elaboración dun traballo académico orixinal no que se integren e desenvolvan os coñecementos, capacidades, competencias e habilidades adquiridos durante os estudos realizados nas titulacións de grao e incluírá, como mínimo, tarefas de busca e revisión bibliográfica, lectura e integración de información, redacción, presentación e defensa. Por traballo orixinal enténdese un traballo de elaboración propia no que se citen debidamente as fontes que se tiveron en conta para a súa realización.

O TFG do Grao en Lingua e Literatura Españolas realizarase baixo a supervisión dun/dunha titor/a académico/a, que se encargará de velar polo cumprimento dos obxectivos fixados. Debe ser persoal docente e investigador con docencia no título, agás persoal en formación, profesores/as lectores/as e aquelas figuras que teñan un contrato que remate antes da finalización do curso académico en que se matricule o TFG.

## **Contidos**

O TFG da titulación de Grao en Lingua e Literatura Españolas tense que adecuar aos contidos do Maior e debe ser redactado e defendido en español.

O tema concreto do TFG debe adecuarse á oferta de liñas temáticas vixente no curso académico 2019-2020. A cada estudante adxudícaselle, previa solicitude, unha liña temática e mais un/unha titor/a. Posteriormente, o/a estudante, coa orientación do titor/a, delimita o título do TFG e elabora un resumo, que deben ser aprobados pola Comisión de Títulos de Grao da Facultade de Filoloxía. A oferta de liñas temáticas e titores/as para o curso 2019-2020 está dispoñible en <http://www.usc.gal/gl/centros/filoloxia/graos/TFG/index.html> desde xullo de 2019. A do Grao en Lingua e Literatura Españolas é a seguinte:

<b>Grupo de Santiago</b>			
<b>Liña temática</b>	<b>Titor/a</b>	<b>Nº TFG</b>	<b>Recomendacións</b>
Análise do discurso	Victoria Vázquez Rozas	2	
Clases de palabras	Tomás Jiménez Juliá	1	
Ensino do español como lingua estranxeira	Marta Blanco Domínguez	3	
Español de América	Mª Teresa Díaz García	1	
	Inmaculada Mas Álvarez	2	
Español normativo	Mª Paula Santalla del Río	2	
Estruturas sintácticas do español	Tomás Jiménez Juliá	1	
	Emilio Montero Cartelle	1	
Fonética e Fonoloxía do español	Inmaculada Mas Álvarez	2	
Fraseoloxía do español	Belén López Meirama	1	
Lexicoloxía e Lexicografía do español	Belén López Meirama	1	
	Emilio Montero Cartelle	1	
Lingüística computacional e tecnoloxías da lingua	Pablo Gamallo Otero	1	
Lingüística de corpus en español	Pablo Gamallo Otero	2	
	Mª Paula Santalla del Río	1	
Morfoloxía	Mª José Rodríguez Espiñeira	1	
Relacións entre léxico e sintaxe en español	Belén López Meirama	1	
Variación e cambio en español	Mª Teresa Díaz García	1	
	Carlos Folgar Fariña	1	
	Mª José Rodríguez Espiñeira	1	
	Victoria Vázquez Rozas	1	
Linguas e comunicación. Aplicacións	Víctor Longa Martínez	1	Cursar ou ter cursado o módulo Linguas e comunicación. Aplicacións
	Gabriela Prego Vázquez	1	Cursar ou ter cursado o módulo Linguas e comunicación. Aplicacións
Lingüística e procesamento das linguas. Aplicacións	Milagros Fernández Pérez	1	Cursar ou ter cursado as materias do Minor. Convén unha entrevista previa coa profesora
Ecdótica e hermenéutica de textos hispanomedievais	Juan Casas Rigall	3	
Literatura española e hispanoamericana do século XVII	María José Alonso Veloso	3	

Literatura española do século XX	Margarita Santos Zas	3	
Literatura española do século XIX	Cristina Patiño Eirín	2	
	Ermitas Penas Varela	3	
Literatura española do Século de Ouro	Antonio Azaustre Galiana	3	
	Santiago Fernández Mosquera	3	
Estudos intermediais comparados	Antonio Gil González	1	
Estudos filmoliterarios	Anxo Abuín González	1	
Estudos teatrais	Anxo Abuín González	1	
Literatura comparada	Fernando Cabo Aseguinolaza	1	
Socioloxía da literatura	Arturo Casas Vales	1	Ter cursado ou estar cursando a materia <i>Socioloxía da literatura</i>

GRAO EN: Lingua e Literatura Españolas (grupo de Lugo)			
Liña temática	Titor/a	Nº TFG	Recomendacións
Análise do discurso	Montserrat Recalde Fernández	1	
Estruturas sintácticas do español	Mercedes Suárez Fernández	1	
Fonética e fonoloxía do español	Alexandre Veiga Rodríguez	1	
Lexicografía e Lexicoloxía do español	Mar Campos Souto	1	
Morfoloxía do español	Mar Campos Souto	1	
Morfosintaxe verbal do español	Alexandre Veiga Rodríguez	1	
Sintaxe da cláusula	Victorina Crego García	1	
Variación e cambio en español	Carlos Folgar Fariña	1	
Linguas e comunicación	Miguel González Pereira	1	
	Montserrat Souto Gómez	1	
Literatura española (Idade de Prata, 1898-1936)	Amparo de Juan Bolufer	1	
	Javier Serrano Alonso	1	
Literatura española do século XVII: teatro e prosa	Cristina Patiño Eirín	1	
Literatura española dos séculos XVIII e XIX	Cristina Patiño Eirín	1	
Literatura española dos séculos XX e XXI	Claudio Rodríguez Fernández	1	
Literatura Hispanoamericana	Ana Chouciño Fernández	1	

Literatura e artes visuais	Ángeles Rodríguez Fontenla	1	
Relacións interartísticas e interculturais da literatura	Silvia Alonso Pérez	1	

No caso de que un/unha alumno/a, por impedimento administrativo ou causa de forza maior debidamente acreditada, non poida defender o seu TFG en ningunha das oportunidades do curso académico no que realizou a matrícula, poderá solicitar que a asignación se prorrogue por un curso. En ningún caso se prorrogará un TFG máis dun curso académico. Esta prórroga da asignación non implica unha prórroga da matrícula, de xeito que o/a estudante deberá realizar unha nova matrícula cando corresponda.

Segundo se recolle no artigo 9 da *Normativa* de TFG dos títulos de Grao da Facultade de Filoloxía, o/a estudante poderá solicitar modificacións menores (axustes no resumo do traballo e matizacións no título) mediante escrito razoado dirixido á Comisión de Títulos de Grao (en diante CTG) ata 30 días naturais antes do comezo do período de solicitude de defensa marcado no calendario anual de TFG do Centro. A CTG será a encargada de aprobar, de ser o caso, as modificacións solicitadas.

Así mesmo, de modo excepcional, o/a estudante e/ou o/a titor/a poderán solicitar a anulación da asignación do TFG, ou o cambio de proxecto baixo a mesma ou diferente dirección, mediante escrito razoado remitido á CTG e presentado na Secretaría da Facultade. A CTG analizará o caso e, se procede, realizará unha nova asignación.

Tal e como se indica na Memoria do título de Grao en Lingua e Literatura Españolas, a extensión do TFG será, a modo orientativo, de entre 65.000 e 120.000 caracteres con espazos, excluídos apéndices.

O TFG deberá incluír na súa estrutura os seguintes elementos:

- a) Portada, na que deberán aparecer todos os datos identificativos do traballo: o logo da USC coa indicación da Facultade; a denominación do Grao; o título do traballo; o nome completo do/a autor/a e do/a titor/a e o curso académico correspondente.
- b) Primeira páxina, que reproduce a portada, coa sinatura do/a graduando/a.
- c) Índice paxinado.
- d) Resumo.
- e) Introducción.
- f) Contidos / Desenvolvemento.
- g) Conclusións.
- h) Bibliografía consultada.
- i) Apéndices (se os hai).

### **Bibliografía básica e complementaria**

Dadas as peculiaridades desta materia, resulta imposible especificar unha bibliografía xeral básica para todos os TFG que se van desenvolver. En todo caso, tal e

como se establece no artigo 12 da Normativa de TFG das titulacións de grao da Facultade de Filoloxía, o traballo debe incluír un apartado de bibliografía consultada.

### **Competencias**

- Ser capaz de definir os obxectivos do traballo.
- Ser capaz de deseñar e organizar as tarefas para alcanzar os obxectivos previstos e desenvolver o traballo de acordo cos mesmos.
- Saber buscar e seleccionar información relevante.
- Facer uso dos coñecementos adquiridos ao longo dos estudos que sexan pertinentes para o obxecto do traballo, e integrar con eles a nova información conseguida.
- Ser capaz de organizar a información e presentala de forma clara, sistemática e precisa, para que sexa comprendida por outras persoas.
- Saber identificar as limitacións e/ou carencias do traballo realizado e propoñer nas conclusións suxestións de cara ao futuro.
- Dominar a expresión oral e escrita en distintos contextos.

### **Metodoloxía do ensino**

Tal e como xa se indicou, o TFG realizarase baixo a supervisión dun/dunha titor/a académico/a, que se encargará de velar polo cumprimento dos obxectivos fixados. O labor do/a titor/a será orientar, asesorar e planificar as actividades do/a estudante, facer un seguimento do traballo e supervisar o seu progreso. En función da natureza do TFG, fixará varias sesións de titoría co fin de discutir o plan inicial de traballo, os resultados parciais das diferentes fases de elaboración e o resultado final. Se o/a estudante simultanea a realización do TFG cunha estadía de mobilidade, debe consensuar co/a titor/a a forma na que se velará polo cumprimento dos obxectivos fixados.

### **Sistema de avaliación**

O/A estudante solicitará a defensa do TFG e presentará o traballo a través da súa secretaría virtual no prazo fixado a tal fin no calendario de TFG para cada unha das oportunidades.

A avaliación do TFG realízase por un ou varios tribunais formado(s) por tres profesores/as que impartan docencia na titulación, excluído o/a titor/a, e que cumpran os mesmos requisitos esixidos para ser titor/a (persoal docente e investigador con docencia no título de Grao en Lingua e Literatura Españolas, agás persoal en formación,

profesores/as leitores/as e aquelas figuras que teñan un contrato que remate antes da finalización do curso académico en que se matricule o TFG). Deberá nomearse un suplente para cada Tribunal.

A defensa do TFG realizarase de forma pública e presencial ante o Tribunal e consistirá nunha exposición e unha quenda de preguntas e respostas. Na exposición, o/a estudante deberá presentar, nun tempo aproximado de 10 minutos, os obxectivos, a metodoloxía, o contido e as conclusións do seu TFG, para o cal pode empregar os medios que considere oportunos. Seguirá unha breve quenda de valoracións, comentarios ou preguntas por parte do Tribunal ás que o/a estudante deberá contestar nun tempo aproximado de 10 minutos. En ningún caso o acto de presentación e avaliación pública poderá prolongarse máis de 25 minutos para cada TFG.

A cualificación dos traballos realizarase conforme a criterios que permitan comprobar a consecución das competencias asociadas á titulación. O Tribunal de avaliación realizará un informe, segundo o modelo aprobado na CTG (Anexo 1), no que avaliará os seguintes aspectos:

- a) Calidade do TFG: cumprimento dos obxectivos propostos, adecuación e desenvolvemento das tarefas formuladas, metodoloxía, dificultade e conclusións.
- b) Presentación escrita do TFG: presentación xeral, claridade expositiva, estruturación e corrección gramatical e ortográfica.
- c) Presentación oral e defensa: concisión, claridade expositiva, capacidade de debate, defensa argumental, propiedade e corrección no uso da lingua.

O informe do/a titor/a será tido en consideración no momento de cualificar o traballo.

A cualificación final outorgada ao TFG polo Tribunal obterase de acordo coa seguinte ponderación:

- a) Contido: 65%.
- b) Presentación escrita: 15%.
- c) Presentación oral: 20%.

No caso de que se dea unha das seguintes circunstancias, o TFG será cualificado como suspenso (0):

- a) Cando os seus contidos non se adecúen aos do Maior correspondente e/ou se afasten manifestamente dos recollidos no resumo aprobado no seu día pola CTG.



- b) Cando reproduza totalmente, ou nunha parte substancial, un traballo realizado polo/a alumno/a noutras materias ou actividades da titulación (autoplaxio).
- c) Cando non sexa orixinal en todo ou nunha parte substancial (plaxio).

Tal e como sinala o artigo 12.2 do Regulamento da USC, o Tribunal que detecte que un TFG está plaxiado, en todo ou en parte, debe poñelo en coñecemento da Reitoría co fin de que se inicien as accións disciplinarias que procedan, de conformidade coa normativa vixente nesta materia. Todo o PDI dispón dunha ferramenta específica para o control do plaxio.

Segundo a normativa de avaliación vixente, unha vez celebrada a última oportunidade para a presentación dos TFG da titulación correspondentes ao curso académico, e tendo en conta os traballos presentados, o Tribunal poderá outorgar *Matrícula de Honra* a aqueles TFG que obtiveran unha cualificación igual ou superior a 9, sen que o número de *Matrículas de Honra* poida exceder do 5% do alumnado matriculado no TFG do título de Grao en Lingua e Literatura Españolas no correspondente curso académico. Se o número de estudantes é inferior a 20, poderase outorgar unha *Matrícula de Honra*.

Cando se constituía máis dun Tribunal para avaliar os TFG do Grao en Lingua e Literatura Españolas, será a CTG, a proposta dos diferentes tribunais, quen, unha vez celebradas as defensas de todos os traballos correspondentes ao curso académico, outorgue as cualificacións de *Matrícula de Honra* que correspondan.

Este sistema será válido para as dúas oportunidades a que dá dereito a matrícula do TFG.

### **Tempo de estudo e traballo persoal**

Na Memoria de verificación do Grao en Lingua e Literatura Españolas atribúeselle a cada crédito un valor de 25 horas de traballo do estudante, polo que ao TFG, materia de 12 créditos, correspóndenlle 300 horas de dedicación (aproximadamente 20 horas semanais nun cuadrimestre).

### **Procedemento xeral para as distintas fases do TFG**

#### ***MATRÍCULA***

1. Para matricularse do TFG só se poden ter pendentes, como máximo, 75 créditos, excluídos os correspondentes ao TFG.
2. A matrícula dá dereito a dúas oportunidades por curso académico, e hai tres opcións para elixir: febreiro, xullo ou setembro.

### ***SELECCIÓN DE LIÑA TEMÁTICA E TITOR/A***

3. Os departamentos ofertan cada ano unha serie de liñas temáticas e titores/as, que se coñecen con tempo suficiente.
4. No mes de setembro hai que entregar na secretaría da Facultade, no prazo fixado no calendario anual de TFG, un formulario para a solicitude de asignación de traballo coas propostas de liña temática e titor/a que máis interesen, por orde de preferencia.  
Se un/unha alumno/a matriculado/a do TFG no curso anterior non o puidese ter defendido en ningunha das oportunidades por impedimento administrativo ou causa de forza maior debidamente acreditada, pode solicitar neste mesmo prazo que se lle prorrogue a asignación de liña temática e titor/a, sempre que non tivera xa concedida previamente unha prórroga para a mesma liña temática e titor/a.
5. Cando varios/as estudantes solicitan a mesma liña e titor/a, teñen prioridade aqueles/as con mellor expediente académico, polo que é **MOI IMPORTANTE** que a solicitude inclúa un número suficiente de propostas, para evitar que a CTG teña que asignalos de oficio.
6. É **ACONSELLABLE** poñerse en contacto previamente co/a titor/a ou titores/as das liñas que máis interesen para clarificar o tipo de traballo que se podería elaborar, sobre todo se a liña temática é de carácter moi xeral.

### ***TÍTULO E RESUMO***

7. Unha vez que se asigne a proposta, o/a alumno/a debe contactar co/a seu titor/a a fin de delimitar o tema concreto e o título do TFG.
8. No prazo establecido no calendario anual de TFG, debe entregarse na secretaría da Facultade un formulario, que levará o visto e prace do titor/a, no que se incluírá o título e un resumo do contido do TFG.

### ***DEFENSA***

As/Os estudantes dispoñerán de instrucións concretas sobre o proceso de solicitude de defensa na páxina web da Facultade. En calquera caso, sinálanse a continuación algúns aspectos de especial relevancia:

9. Para a defensa pública do TFG é imprescindible ter superados todos os créditos da titulación.
10. Debe solicitarse a defensa do TFG e presentar o traballo a través da secretaría virtual. É **PRECEPTIVO** gravar o título do TFG en galego, en inglés e en castelán, respectando as normas ortográficas da lingua correspondente. As palabras clave e mais o resumo en inglés serán optativos. **NON** se admiten títulos totalmente escritos en maiúsculas. O título recollido debe ser o aprobado no seu día pola CTG e non pode incluír modificacións non autorizadas. No título de Graduada/o vai figurar o título de TFG gravado na aplicación, por iso é moi importante que se escriba correctamente.
11. Na secretaría virtual, cómpre marcar os cadros de autorización de difusión ou non do TFG, así como de declaración de orixinalidade.

12. O tribunal determinará antes da data sinalada no calendario anual de TFG data, lugar e hora en que se realizará o acto de defensa.

**Importante:**

A [Normativa](#) indica no seu artigo 14: “A solicitude irá acompañada de tres copias encadernadas e dunha copia electrónica en formato PDF, mentres a USC non habilite os medios para a súa presentación exclusivamente electrónica”. Dado que a USC implementou recentemente os medios para a presentación electrónica dos TFG, **non é precisa** a presentación de copias encadernadas nin da copia en CD. Só cómpre subir o pdf co traballo a través da secretaría virtual.

**Observacións**

É conveniente que, antes de iniciar o proceso, se lea con atención a normativa vixente, dispoñible en <http://www.usc.gal/gl/centros/filoloxia/graos/TFG/index.html>. Recoméndase a consulta frecuente desta páxina, onde hai información completa e actualizada sobre todo o proceso de elaboración e defensa do TFG, ademais dos formularios que se precisan ao longo do mesmo.

É importante ter en conta que o procedemento electrónico de presentación de TFG está aínda en fase de desenvolvemento na USC, polo que se pode ver sometido a algunha modificación, da que se dará cumprida conta no seu momento de ser o caso.

***É RESPONSABILIDADE DO ALUMNO:***

- i. Asistir ás sesións de traballo concertadas co/a titor/a.
- ii. Desenvolver o traballo conforme á planificación acordada co/a titor/a e, de non ser así, xustificar as desviacións.
- iii. Atender as indicacións do/a titor/a.
- iv. Tomar a iniciativa na resolución de problemas.
- v. Cumprir cos prazos, requisitos formais e de presentación establecidos na normativa e nesta guía docente. Debe lembrarse que o TFG supón unha dedicación de 300 horas.

***É RESPONSABILIDADE DO/A TITOR/A:***

- vi. Reunirse co/a estudante nas ocasións acordadas.
- vii. Aconsellar o/a alumno/a sobre as cuestións relativas á realización do traballo.
- viii. Advertir ao/á estudante cando o progreso do TFG estea por debaixo do estándar esperado e aconsellalo/a sobre o modo de resolver o problema.
- ix. Emitir o informe preceptivo.

***QUE NON SE DEBE ESPERAR DO/A TITOR/A:***

- x. O labor do/a titor/a é meramente orientativo, de xeito que non se debe esperar del/a que corrixa a redacción e cada unha das incorreccións gramaticais ou ortográficas do TFG; a súa tarefa non é actuar como corrector de probas do traballo.
- xi. Debe lembrarse que, segundo a Normativa de Planificación Académica Anual para o curso 2019-2020, o encargo do/a titor/a é de 5 horas lectivas e 12,5 de titorías para cada TFG, polo que non se debe esperar del/a que se ocupe de xeito constante e ininterrompido dos traballos que lle fosen asignados, e tampouco que estea dispoñible en calquera horario, nos días non laborables ou nas súas vacacións.



AVALIACIÓN DO TFG CURSO 20 \_\_\_/20 \_\_\_  
INFORME DO TRIBUNAL

**DATOS DO TFG**

GRAO (E, DE SER O CASO, MENCIÓN) EN:	
NOME DO/A AUTOR/A:	
NOME DO/A TITOR/A:	
TÍTULO:	

**DATOS DO TRIBUNAL**

PRESIDENTE/A:	
VOGAL:	
SECRETARIO/A:	

**CUALIFICACIÓN**

ASPECTO AVALIADO	PUNTUACIÓN			
	PRESIDENTE/A	VOGAL	SECRETARIO/A	MEDIA
Presentación escrita (Puntuación máxima: 1,5)				
Contido (Puntuación máxima: 6,5)				
Presentación oral (Puntuación máxima: 2)				
CUALIFICACIÓN GLOBAL				
Observacións:				

**XUSTIFICACIÓN DAS PUNTUACIÓNS GLOBAIS**

ASPECTO AVALIADO		PUNT.	XUSTIFICACIÓN
Presentación escrita (máx.: 1,5)	Corrección ortográfica e gramatical Claridade expositiva Adecuación formal		
Contido (máx.: 6,5)	Estrutura Metodoloxía Dificultade Conclusións Bibliografía Cumprimento dos obxectivos propostos		
Presentación oral (máx.: 2)	Claridade expositiva Capacidade de argumentación Corrección no uso da lingua		
Observacións:			

Para cubrir no caso de que a **calificación** sexa **igual ou superior a 9** (§20 da *Normativa*):

Matrícula de Honra	si <input type="checkbox"/>	non <input type="checkbox"/>
Xustificación:		

Santiago de Compostela, de 20\_\_\_\_.

O/A presidente/a

O/A vogal

O/A secretario/a